

Intercambio: Valoración

1)A actividade que mais me gustou foi cando fomos ao colexio Falmer, e fixemos clases normais do colexio.

Foi a que mais me gustou porque o pasei moi ben e foi moi interesante, fixemos de todo: cociñamos, bailamos etc.

Os profes eran moi simpáticos e o colexio era moi chulo.10

2)A min gustáronme todas as actividades, pero se teño que elixir unha elixo o día que fomos xogar ó Criquet, porque eu esperábame outra cousa, aínda así foi moi divertido.

O que fixemos foi xogar dous tipos diferentes de Criquet:

O primeiro era individual e parecido ao Baseball, pero non tiñas que correr polas bases, senon que tiñas que correr cara un pau chantado no chan e volver, iso era un punto.

O seguinte era de parella e de cada golpe había que cambiarse de sitio, estivo moi ben.7

3)Gustoume moito o día que fomos a un parque a comer comida tradicional inglesa e xogar a distintos xogos, xogamos a Rounders etc., cando regresábamos cara o hostel fixemos unha parada nunha casa onde fixemos (so pintamos) unhas tazas, con pintura de vidro.8

Outra actividade que me gustou foi o xogo de pistas que prepararon Patricia e Sabela, ao principio marchamos do sitio pensando que tiñamos que comezar, pero faltaba media hora (ademais fomos sen a listaxe de lugares), pero cando cando comezamos a xogar pasámolo moi ben.9

Unha cousa que me gustou moito foi a festa final, había moita comida (non comín nada) e estaba todo moi ben decorado, pero o mellor foi o final, porque chegaron uns rapaces do instituto que resultaron ser un grupo de música, e tocaron na festa, estivo moi ben.10

4)cando os ingleses estiveron en Galiza fixemos actividades moi distintas, a gran diferenza era que os ingleses estaban cada un nunha casa distinta, e como as saídas non eran moi longas algúns alumnos e alumnas facían un esforzo e organizaban saídas pola tarde. A actividade que máis me gustou cando os ingleses estaban aquí foi a de cando fomos aos tellados da catedral, foi o primeiro día e moitos choraron.9

A que menos me gustou foi cando fomos a A Coruña, porque nos non estivemos con eles e tivemos que dar clase, e estábamos moi descentrados.0(é un cero non un o)

5)Fixemos moitas cousas, unha das cousas que fixemos foi ir ao castro de Baroña, fomos e comimos alí.Fixemos moitas outras cousas, como por exemplo ir a Lugo etc.

6) A estancia en familia non foi moi boa ao principio, pero logo foi mellorando, o ingles que estaba na miña casa choraba cada cinco minutos e non sabiamos que facer, pero co paso do tempo deixou de facelo. Tampouco podiamos levalo con nós a ningún sitio porque tamén choraba, enton deixamos de pasar moito tempo en familia e arranxouse. Ao final cando xa conectábamos marchou.

7) Eu non entendo moi ben este punto, pero teño que facer. Eu creo que cando estivemos aquí porteime ben e falei en inglés pero dame a sensación de que aprendin mais ingles canndo estivemos en Brighton, aprendín moito.

8) Penso que os profesores fixeron un enorme traballo para que isto saira ben, e lograron aida que en duas ocasións portaronse mal, ao final todo estivo moi ben.

9) O intercambio estivo moi ben, e gustoume moito aprendin moito ingles e apuntariame a outro encantado.